



HOMOLOGACIÓN DE ESTUDOS ESTRANXEIROS POLOS CORRESPONDENTES ESPAÑOIS DE BACHAREL OU CICLOS FORMATIVOS

1. Normativa

1.1. Norma de referencia para tramitar o procedemento.

[Orde do 9 de xullo de 2018](#) reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (DOG núm. 141 do 24 de xullo).

1.2. Normativa aplicable ao fondo (Cuestións básicas)

No caso do bacharelato, o criterio é o número de anos de escolaridade: acreditar que ten no país de orixe doce anos de escolaridade. Cando se trata de países incluídos no Convenio Andrés Bello, como sucede coa maioría dos países de Suramérica, téñense en conta as táboas da [Orde do 20 de marzo de 2001](#), pola que se regula o réxime de equivalencias dos estudos básicos e medios cursados nos países signatarios do Convenio “Andrés Bello” cos correspondentes españois (BOE núm. 86, do 10 de abril).

No caso dos ciclos formativos, axústase aos principios xerais do artigo 6 do [Real Decreto 104/1988, do 29 de xaneiro](#), sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria, e atendendo á natureza e tipo de título respecto do que solicita a homologación, aplícase o real decreto polo que se establece o título e se fixan ás súas ensinanzas mínimas e o decreto de desenvolvemento polo que se establece o currículo do ciclo; e á vista da formación que acredita a persoa interesada (a que implica a titulación de orixe) e a formación específica da titulación solicitada no sistema educativo español (os obxectivos xerais, o contido dos módulos profesionais e as competencias adquiridas) valorase se se aprecia a suficiente equivalencia.

2. Procedemento de homologación de títulos e estudos estranxeiros

2.1. Competencia da CCAA de Galicia para a tramitación dos expedientes.

O [Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo](#), sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia por Real Decreto 1763/1982, de 24 de xullo, en materia de Educación, atribúelle á comunidade autónoma competencia para a homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, cando o endereço indicado na solicitude estea situado en Galicia.

Se o domicilio indicado na solicitude está situado en Cataluña ou no País Vasco, correspóndelle a estas comunidades autónomas (que tamén teñen asumidas competencias nesta materia), nos demais casos, a competencia é do Estado. Para máis información consultar a páxina do MEC: [Homologaciones y convalidaciones de títulos y estudios extranjeros no universitarios>Índice>Información General>Órganos competente para la tramitación y resolución](#)

Polo tanto, a persoa interesada ten que sinalar un endereço para efectos de notificación en Galicia, o que ademais permite practicar os requirimentos de emenda de deficiencias na documentación, que adoitan ser bastante frecuentes.

2.2. Competencia para tramitar e resolver e **órganos aos que dirixir a solicitude**

As Xefaturas Territoriais da consellería son competentes para tramitar os procedementos de homologación de estudos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato; a Dirección Xeral de



Centros e Recursos Humanos é competente para resolver estes, e para tramitar e resolver o resto (artigo 3 da Orde do 9 de xullo de 2018).

Polo tanto, as solicitudes de homologación dos estudos de bacharelato deben dirixirse á Xefatura Territorial desta consellería na provincia na que estea o enderezo indicado para efectos de notificación.

A CORUÑA
Edificio Administrativo de Monelos
Servizo Territorial de Inspección Educativa
Rúa Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 981 184712 / 981 184767
E-mail: inspeccion.coruna@edu.xunta.es

LUGO
Servizo Territorial de Inspección Educativa
Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo
Teléfono: 982 294142 / 982 294172
E-mail: inspeccion.lugo@edu.xunta.es

OURENSE
Servizo Territorial de Inspección Educativa
Rúa Concello, 11
32071 Ourense
Teléfono: 988 386658
E-mail: inspeccion.ourense@edu.xunta.es

PONTEVEDRA
Servizo Territorial de Inspección Educativa
Avda. María Victoria Moreno, 43, 7º e 8º
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 805918
E-mail: inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es

As solicitudes de homologación dos estudos de ciclos formativos deben dirixirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:

Edificio Administrativo San Caetano, s/n,
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 546519
E-mail: homologacion.titulos@edu.xunta.es

3. Presentación da solicitude de homologación e da declaración responsable de inscrición condicional en centro

3.1. Onde obter a solicitude de homologación e a declaración responsable de inscrición condicional en centro (artigo 6 da orde do 24 de xullo de 2018).

O modelo ED434A: (anexo I-solicitude) e (anexo III-declaración responsable de inscrición condicional en centro), está dispoñible:



Na sede electrónica da Xunta de Galicia: [ED434A](#) na opción “solicitude presencial” pode gardar unha copia en branco, imprimila e cubrila manualmente; tamén a pode cubrir e despois imprimila.

En Portal educativo>alumnado>xestión de alumnado>homologación ou validación de títulos: [ED434A](#) ten as mesmas opcións.

Aínda que a solicitude e a declaración responsable para a inscrición condicionada en centro, en principio, se poden presentar separadas: unha vez presentada a solicitude se pode presentar a declaración responsable. Neste caso, **o máis aconsellable sería que presenten as dúas xuntas**, para axilizar a tramitación e para que teñen o documento que lles permitirá matricularse nun centro docente español.

En canto aos efectos da declaración responsable de inscrición condicional en centro (que se formaliza baixo a total responsabilidade da persoa solicitante), como indica a propia nota que aparece no anexo III e no artigo 19 da Orde do 9 de xullo de 2018: a persoa interesada deberá matricularse no centro docente no prazo máximo de seis (6) meses dende a data de presentación da declaración responsable, que manterá a súa vixencia unicamente durante o curso académico no que se realice, ata a data da sinatura da acta de avaliación final. Se transcorridos estes prazos aínda non se resolve de forma expresa o procedemento de homologación ou validación por causas non imputables á persoa solicitante, poderá presentar unha nova declaración responsable que terá unha vixencia máxima dun curso académico. Esta inscrición condicional en ningún caso, prexulga a resolución final do procedemento; e cando esta denegue a homologación ou validación solicitada, quedarán sen efecto os resultados dos estudos e/ou exames realizados.

3.2. Onde obter o modelo da taxa código 30.20.02:

En Portal educativo>Alumnado>Xestión de alumnado>Homologación ou validación de títulos poderá consultar: o importe da taxa (que neste caso é de 45,96 €); consultar códigos necesarios para cubrir o impreso da taxa; e descargar o modelo para ir ao banco a pagar, ou ben, pagar a través do enlace á Oficina Virtual de Atriga.

3.3. Documentación que debe acompañar á solicitude

A documentación xeral e a específica, segundo o caso, poderá consultala: no artigo 7 da Orde do 24 de xullo de 2018; no cadro “DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA” do modelo de solicitude (ED434A-anexo I); ou en Portal educativo no seguinte enlace.

3.4. Requisitos formais da documentación (artigo 9 da Orde do 24 de xullo de 2018)

Interesa sinalar que o título e a certificación académica teñen que estar legalizados; e o que se legaliza é o orixinal ou unha copia que, aquí en España, se considere auténtica, isto é, unha copia compulsada por un notario español ou nun consulado de España.

Neste caso, a maioría dos países de Sudamérica están no Convenio da Haya, polo que o orixinal ou a copia auténtica ten que traer a apostilla da Haya.

Para máis información sobre os requisitos formais da documentación pode consultar o seguinte enlace.

3.4. Como presentar a solicitude de homologación e declaración responsable de inscrición condicional en centro (artigo 7.2 da Orde do 24 de xullo de 2018)



A solicitude de homologación e a declaración responsable de inscrición condicional en centro, debidamente cubetas e asinadas poden presentarse de forma:

- **Presencial:** todas as persoas interesadas que non teñan identidade e sinatura dixital teñen que presentar a solicitude de forma presencial. **Se están no estranxeiro, poderán presentalos na representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro (artigo 16.4..c) da Lei 39/ 2015, do 1 de outubro).**

Neste caso, deben presentar na oficina de rexistro orixinal e copia dos anexos I e III, para que esta poña en ambos o rexistro de entrada e devolva a copia rexistrada á persoa interesada, como constatación de ter realizado o trámite.

- **Electrónica:** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia hai unha opción que pon “tramitar en liña”, pero teñen que ter certificado electrónico (recoñecido pola sede) ou a Chave365.

No caso de presentación da solicitude de homologación na sede electrónica da Xunta de Galicia, o pagamento da taxa non se fai na sede. Para pagar a taxa hai dúas opcións: unha, pagar de forma presencial no banco, escanear o resgardo e achegalo como un documento máis; ou ben, utilizar o enlace á Oficina Virtual da Atriga e achegar o xustificante de pago que expida esta como un documento máis.

As principais vías para obter información son consultar:

A sede electrónica da Xunta de Galicia

Portal educativo>alumnado>xestión de alumnado>homologación e validación de títulos